# COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 02/12/2008

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 103.472 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 505 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 480 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 89 | 69 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 101 | 117 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 115 | 126 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 284 | 238 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 379 | 276 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 397 | 292 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 441 | 156 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 515 | 471 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 205.584 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 352 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 327 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.534 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 974 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 520 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 256 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 61.088 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 94 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 89 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,47 | * |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,23 | 2,06 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2,51 | 2,38 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Semana 49

# MESAS DE PREZOS SEMANA DO 02/12/2008

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS | |
|---|---|---|
| | KG. | DIF. |
| CARNICEIRO | 1,330 | 0,00 |
| SELECTO | 1,055 | 0,00 |
| NORMAL | 1,030 | 0,00 |
| CASTRADO | 1,500 | 0,00 |
| CANAL II | 1,338 | 0,00 |
| DESVELLE | 0,75/0,81 | 0,00 |

**Estabilidade nas cotizacións do cebo coa vista posta no 2009:** Despois do descalabro sufrido no mercado do cebo na segunda quincena de setembro, outubro e parte de novembro, cun resultado de nove semanas á baixa e de -33 céntimos (-25%), o mercado trocou a súa tendenza nas dúas últimas sesións (ainda que só foron 3 céntimos). Maís o inicio de decembro non dá para moitas alegrías; comézase hoxe cunha estabilidade, que mesmamente ameaza con planear sobre a Lonxa ao longo de todo o mes. Un regueiro de festivos deixan sempre decembro con poucas marxes para os incrementos, polo que a vista parece estar xa posta en 2009.
**Análise de mercado. Pesos:** Voltan á baixa, o cal é un bo indicador do estado do mercado. A oferta axústase (e o frio freará o crecemento en granxa); por iso e ainda que se prevé unha actividade que se reducirá froito dos festivos, a xestión deses festivos non se espera que sexa este ano un quebradeiro para a produción. **Cotizacións Europeas**: Existe unha relativa estabilidade no mercado do porcino europeo, o que se traduce nunha estabilidade das cotizacións nos principais mercados europeos de porcino. Parece, pois, que a sicose da crise vai remitindo e as exportacións comezan a recuperarse (sobre de todo aos países do Leste e Rusia) ainda que están paradas cara Asia. Con estes datos, o normal é que 2009 comece cunhas cotizacións parellas ás desta semana.

## BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS | | |
|---|---|---|---|
| | KG. | UNIDADE | DIF |
| SELECTO | 1,60 | 32,00 | +2,00 |
| NORMAL | 1,55 | 31,00 | +2,00 |

**Tres semanas consecutivas de alzas:** 10 € foi o resultado das subas das tres últimas semanas. Xa se tiña advertido que en canto o vivo comezara a recuperarse do descalabro producido ao longo dos meses de outubro e novembro, este tería un efecto multiplicador no mercado do bacoriño. E é o que está a suceder, ainda que cómpre relativizar os incrementos: **1º** pártese dunha cotización ridícula e **2ª** nesta época do ano as cotizacións soen repuntar. Normal pois que os incrementos sexan maiores neste ano.
**Situación de mercado**: A oferta é limitada tanto pola variable estacional (baixa a oferta normalmente nesta época) como pola variable estrutural (a eliminación de porcas e a integración en ciclos pechados reduciu estruturalmente a oferta). Por outra banda, esperta unha demanda durmida, incluso por parte destes ciclos pechados que pasan a ser agora claramente demandantes. As dispoñibilidades de leitóns no mercado "libre" son moi limitadas, sendo claramente insuficientes para satisfacer esta demanda potencial. O único risco: que as cotizacións suban tanto que desalenten esta demanda.

## *OVOS*

| | EUROS | | | |
|---|---|---|---|---|
| CLASE | BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
| XL | 1,56 | 0,00 | 1,56 | 0,00 |
| L | 1,31 | 0,00 | 1,31 | 0,00 |
| M | 1,25 | 0,00 | 1,25 | 0,00 |
| S | 0,95 | 0,00 | 0,95 | 0,00 |

**Firmeza no mercado do ovo:**
As cotizacións do ovo consolídanse nos níveis agardados tanto por motivos de oferta como de demanda: a **oferta** axústase nesta época do ano, e a **demanda** sobre todo industrial, está nuns bos niveis, o que ten favorecido vía cotizacións sobre todo ás gramaxes de menor tamaño. Así, e de non haber imprevistos no mercado do ovo e de non afectar excesivamente a este sector a crise económico-financeira actual, en canto aos niveis de consumo, estas cotizacións deberían manterse e mesmamente repuntar neste último treito do ano.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* | |
|---|---|---|
| | KG. | DIF |
| SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS | 0,30/0,42 | +0,03 |

**Incremento das cotizacións nas galiñas de desvelle:** A tendente firmeza do mercado do ovo, sobre de todo nas gramaxes medias fai que o mercado das galiñas se vexa lixeiramente fortalecido en canto ás cotizacións; a redución da oferta (cunha compoñente estrutural - menos censo) xustifica a fortaleza das cotizacións e mesmamente ás alzas, como a rexistrada na presente semana.

As cotizacións son parellas ás rexistradas no 2007. (+5%).

## *COELLO*

| | *EUROS* | |
|---|---|---|
| GRANXA EN VIVO | KG. | DIF |
| NOVO | 1,82 | +0,08 |

**Tensión no mercado cunícola:** A polémica planea todas as semanas sobre a Mesa de Prezos do coello. E a pesares das dúas lixeiras subas (+11 céntimos), as interpretacións seguen profundamente encontradas; polo lado da produción, xustifican subas amplas baseándose nunha escaseza de oferta (coxuntural mais tamén estrutural en relación ao conxunto do Estado); porén os matadoiros expresan que as baixas en vivo de outubro ainda que permitiron baixar os PVP das grandes cadeas de distribución, non consegue reactivar o consumo, non tendo máis marxe de manobra.

**LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

En colaboración coa:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural